

LA MUJER DEL ANIMAL

[Víctor Gaviria, 2016]

262

ESTREA EN NUMAX: 21.07.2017 | V.O. | +18

La mujer del animal (2016, 120')

Dirección: Víctor Gaviria

Guión: Víctor Gaviria

Elenco: Natalia Polo, Tito Alexander Gomez, Jesus Vasquez

Son: Sebastian Alzate

Montaxe: Etienne Boussac

Fotografía: Rodrigo Lalinde

Música: Luis Fernando Franco

Produtoras: Polo a Tierra, Viga Producciones (Colombia)

Distribuidora: Cinemaran

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Español

PREMIOS E FESTIVAIS

Málaga 2017 (Mellor dirección e montaxe), La Habana 2016 (Sección Oficial)

FILMOGRAFÍA

Sumas y restas, 2004

La vendedora de rosas, 1998

Simón el mago, 1992 [TV]

Los derechos del niño, 1992 [curtametraxe]

Rodrigo D: No futuro, 1990

Amparo foxe do convento no que residía e chega a un barrio marxinal de Medellín, onde vive a súa irmá. Alí o seu curmán Libardo namórase dela e ráptaa para obrigala a vivir canda el. Os veciños, atemorizados por Libardo, non interveñen. Forzada a converterse na súa muller, Amparo acaba tendo unha nena. Conseguirá fuxir e salvar á súa filla?

«Un retrato cru que subliña o contraste existente entre a desesperación da pantalla e a comodidade efémera da sala de cinema. O resultado é brutal»

Andrea G. Bermejo, CINEMANÍA



“O home vai tentar impedir a liberación total da muller”

Entrevista a Víctor Gaviria

Por Begoña Piña

Vostede procura as súas historias na realidade. Cal marcou o principio de *La mujer del animal*? Estaba na procura de testemuños sobre un xusticieiro, unha banda que mataba bandidos porque estaban fartos de tanta crueldade. A medida que ía traballando decateime de que iso ía dar categoría de heroe a un paramilitar. Mais, sobre todo, quedei cunha muller para falar disto, era Margarita Gómez, chamábana a muller do animal, que definiu aquel home, que era o seu marido, como un asasino, un violador, un matón... E ese testemuño abortou completamente a outra historia.

Ela contoulle o seu caso, o maltrato recibido? Si, contoume unha experiencia que era extrema. El raptouna, obrigouna a estar con el, converteuna na súa muller. Foron sete anos de rancor e maltrato, sen que nunca houbera entre eles unha relación.

A partir de aí, buscou testemuños de máis mulleres? Si, sempre de mulleres humildes, aínda que sei que isto se dá en todas as clases sociais. Eran experiencias similares, mulleres violadas, convertidas en escravas, algunhas asasinadas... Para min estaba claro que había que facer esta historia.

Desgrazadamente, todo o mundo sabe que existen estes casos e non sería a primeira película sobre maltrato machista. Que pensaba que podía achegar novo? O que quería era poñer especial atención nos outros. Margarita Gómez díxome que unha das cousas que máis lle doía era que ninguén a tiña axudado. Nestes casos sempre hai testemuñas. Non hai que ocultalo, hai que facer o contrario. Cando falei comigo, foi a primeira vez en 30 anos que se atreveu a contalo. Díxome que cando as súas cuñadas e irmás o souberon dicíallle que estaban sorprendidas, que non a crían.

Ese silencio dos outros agrava moito o problema... Até o punto de que hoxe son historias normalizadas. O tecido familiar, no seu caso, ocultaba o que pasaba. Mais, co tempo, a irmá do animal, Blanca, recoñeceume que o seu irmán era moi malo e que a ela a violara con once anos. Con este filme o animal está publicamente denunciado. A pregunta é, por que non facemos nada? É unha confusa vergoña. A complicidade excúsase moitas veces no medo, é suficiente xustificación? A xente sabe que está a pasar. E si, esa complicidade nace do medo, non falar é unha forma de supervivencia. Mais, efectivamente, o que fai o medo é normalizar o asasinato. O medo, por outra banda, serve para agochar un pacto entre os homes de apoio a eses animais. É un apoio aos extremos de autoridade e violencia.

Vostede fai cinema cun equipo moi próximo no persoal e no intelectual. Todos sentían a mesma necesidade de contar esta historia? Non, de feito

tivemos varias discusións. Eu fago cinema, como dis, cun grupo de amigos que me acompaña, mais cando lles contei a historia de Margarita e doutras mulleres, os homes non as creon. E preguntáronme porque cría eu a esas mulleres. Eu tiña que crer a Margarita porque sabía que era unha historia verdadeira e que ese tipo non tiña sentido da humanidade. En Colombia con este filme se me criticou por ser moi parcial e, segundo os críticos homes, por falta de verosimilitude e por caer no estereotipo. Houbo artigos de mulleres louvando o filme. Os homes estanse a encubrir uns a outros en todo o mundo. Este animal existe en todas partes.

Si, pero non todos os homes... Todos os homes teñen a idea, na súa esencia máis profunda, que a muller é un foco de traizón, dor e desengaño. En Colombia, o relato de liberación da muller, que vai lento, foi celebrado por todos, homes e mulleres, pero os homes celebrárono sen saber até onde podía chegar. En realidade o home non está de acordo con que a muller se libere totalmente. E a reacción a esa liberación por parte dos homes son todos eses feminicidios. O home acomodouse nesta cultura patriarcal e agora que a muller pon en cuestión ese privilexio non o vai permitir, non quere competencia. Vai tentar impedir a liberación total da muller. A consecuencia é unha radicalización do maltrato. Cada vez hai máis escenas profundas de maltrato que hai que parar.

Publicado en www.publico.es/
Tradución: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Ven todos os días ao cinema por 4,5 €

ABONATE

E consegue máis vantaxes.
Infórmate en www.numax.org

NUMAX